

**Deputación Provincial de Ourense**

Relación de propietarios, bens e dereitos afectados, que se pública para os efectos oportunos, pola expropiación forzosa para a execución das obras

Título: "Acondicionamento de camiño rural A Hedrada-OU-0604".

Clave: Plan marco AGADER 16.

Concello: Parada de Sil.

Así como o proxecto técnico, para que, nun prazo de quince días hábiles, os propietarios afectados examinen o expediente e o proxecto na Sección de Patrimonio e Expropiacións e poidan formular as alegacións que estimen oportunas, segundo o disposto no artigo 18.1 da Lei de expropiación forzosa.

Parada de Sil

Predio; políg.; parc.; refer. catastral; clasificación; propietario; dominio; temporal; voo; acueduto

1A; 75; 148; 32058A075001480000TA; Rústica; - M.^a Paz Vázquez Rodríguez; 7,00; 0,00; 0,00; 0,00

1B; 75; 150; 32058A075001500000TW; Rústica; - M.^a Paz Vázquez Rodríguez; 34,00; 0,00; 0,00; 0,00

1C; B75; 160; 32058A075001600000TL; Rústica; - Herdeiros de Amadeo Eiro Gómez; 60,00; 0,00; 0,00; 0,00

1D; 75; 162; 32058A075001620000TF; Rústica; - Teresa González Vázquez; 220,00; 0,00; 0,00; 0,00

1E; 75; 168; 32058A075001680000TX; Rústica; - Josefina Concepción González Carballo; 178,00; 0,00; 0,00; 0,00

1F; 75; 173; 32058A075001730000TJ; Rústica; - Herdeiros de José Rodríguez Eiro; 230,00; 0,00; 0,00; 0,00

* Información: Sección de Patrimonio e Expropiacións: rúa do Progreso, n.º 32, 32003 Ourense (teléfono: 988 317 536; e-mail: patrimonio@depourense.es).

Notifíquelles este anuncio aos interesados e ordénese a súa publicación no BOP, nun diario e no taboleiro de anuncios do concello afectado, de conformidade coa lexislación vixente.

Esta publicación servirá de notificación para os interesados descoñecidos ou de domicilio ignorado para os efectos previstos na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Ourense, 30 de maio de 2016. O presidente.

Asdo.: Jose Manuel Baltar Blanco.

Diputación Provincial de Ourense

Relación de propietarios, bienes y derechos afectados, que se publica a los efectos oportunos, por la expropiación forzosa para la ejecución de las obras

Título: "Acondicionamiento de camino rural A Hedrada-OU-0604".

Clave: Plan Marco AGADER 16.

Ayuntamiento: Parada de Sil.

Así como el proyecto técnico, para que, en un plazo de quince días hábiles, los propietarios afectados examinen el expediente y el proyecto en la Sección de Patrimonio y Expropiaciones y puedan formular las alegaciones que estimen oportunas, según lo dispuesto en el artículo 18.1 de la Ley de Expropiación Forzosa.

Parada de Sil

Finca; Políg.; Parc.; refer. catastral; clasificación; propietario; dominio; temporal; vuelo; acueducto

1A; 75; 148; 32058A075001480000TA; Rústica; - M.^a Paz Vázquez Rodríguez; 7,00; 0,00; 0,00; 0,00

1B; 75; 150; 32058A075001500000TW; Rústica; - M.^a Paz Vázquez Rodríguez; 34,00; 0,00; 0,00; 0,00

1C; B75; 160; 32058A075001600000TL; Rústica; - Herederos de Amadeo Eiro Gómez; 60,00; 0,00; 0,00; 0,00

1D; 75; 162; 32058A075001620000TF; Rústica; - Teresa González Vázquez; 220,00; 0,00; 0,00; 0,00

1E; 75; 168; 32058A075001680000TX; Rústica; - Josefina Concepción González Carballo; 178,00; 0,00; 0,00; 0,00

1F; 75; 173; 32058A075001730000TJ; Rústica; - Herederos de José Rodríguez Eiro; 230,00; 0,00; 0,00; 0,00

* Información: Sección de Patrimonio y Expropiaciones, calle de O Progreso, n.º 32, 32003 Ourense (teléfono: 988 317 536; e-mail: patrimonio@depourense.es).

Notifíquese este anuncio a los interesados y ordénese su publicación en el BOP, en los diarios y en los tabloneros de anuncios de los ayuntamientos afectados, de conformidad con la legislación vigente.

Esta publicación servirá de notificación para los interesados desconocidos o de ignorado domicilio, a los efectos previstos en la Ley 30/1992, de 26 de noviembre, de Régimen Jurídico de las Administraciones Públicas y del Procedimiento Administrativo Común.

Ourense, 30 de mayo de 2016. El presidente.

Fdo.: José Manuel Baltar Blanco.

R. 1.888

IV. ENTIDADES LOCAIS**IV. ENTIDADES LOCALES****Gomesende****Anuncio**

Con data 07.06.2016, o Concello de Gomesende aprobou, a través de Decreto de Alcaldía, as bases que rexerán a selección, por concurso-oposición, dun/ha auxiliar administrativo para apoio ás oficinas municipais, a través de contrato laboral eventual, por circunstancias eventuais da produción, por tres meses e a tempo parcial (75% xornada).

Publicase o seu contido íntegro de acordo co artigo 6 do Real decreto 896/1991, do 7 de xuño:

Bases da convocatoria para a selección, por concurso-oposición, dun/dunha auxiliar administrativo, con contrato temporal e a tempo parcial, para apoio ás oficinas do Concello de Gomesende.

Primeiro. Normas xerais

É obxecto destas bases a selección dun/dunha auxiliar administrativo, para apoio ás oficinas do Concello de Gomesende, coa categoría de persoal laboral con contrato eventual por circunstancias da produción (duración: 3 meses), e a tempo parcial (75% xornada), mediante concurso-oposición, así como a creación dunha bolsa de traballo a fin de cubrir de xeito rápido e áxil devandita/s praza/s cando esta/s puidese/n quedar vacante/s temporalmente a consecuencia de (baixas por enfermidade, maternidade...), en aplicación do previsto nos artigos 8.2 e 15 do Real decreto lexislativo 2/2015, do Texto refundido do Estatuto dos traballadores e no artigo 11 do Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, do Estatuto básico do empregado público.

Segundo. Modalidade do contrato

A modalidade do contrato é a tempo parcial e de duración determinada, motivado pola acumulación de tarefas durante o período estival, regulada no artigo 12 e 15 do Texto refundido



da Lei do Estatuto dos traballadores, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2015, do 23 de outubro.

O carácter do contrato é temporal, a súa duración será de 3 meses a partir da súa formalización, e en réxime de dedicación a tempo parcial (28 horas semanais).

As condicións serán concretamente:

-A xornada de traballo será de 28 horas semanais, fixando como días de descanso o sábado e o domingo. O horario de traballo será de 9.00 a 14.30, debendo facer media hora adicional un día á semana ao final da xornada.

-Fíxase unha retribución bruta de 840,48 € (inclúe o rateo das pagas extraordinarias).

De conformidade co artigo 142 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, as retribucións do persoal laboral determinaranse de acordo coa lexislación laboral, o convenio colectivo que sexa aplicable e o contrato de traballo, dentro dos límites derivados do previsto polo apartado primeiro do artigo 134 desta lei.

Así mesmo, o artigo 27 do Texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público, aprobado polo Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, as retribucións do persoal laboral determinaranse de acordo coa lexislación laboral, o convenio colectivo que sexa aplicable e o contrato de traballo, respectando en todo caso o establecido no artigo 21 deste.

Terceiro. Condicións de admisión de aspirantes

Para formar parte nas probas de selección, será necesario:

a) Ter nacionalidade española ou algunha outra que, de acordo co disposto no artigo 52 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, permita o acceso ao emprego público.

b) Estar en posesión da titulación de graduado en Educación Secundaria Obrigatoria ou equivalente ou estar en condicións de obtela no día en que remate a presentación de instancias. No caso de titulacións obtidas no estranxeiro deberán posuír o documento que acredite fidedignamente a súa homologación.

c) Non ser separado mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin encontrarse na situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, cando se tratase de acceder ao corpo ou escala de persoal funcionario do que a persoa fose separada ou inhabilitada.

No caso do persoal laboral, non ser despedido mediante expediente disciplinario de ningunha administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin encontrarse na situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, cando se tratase de acceder á mesma categoría profesional á que se pertencía.

No caso de nacionais doutros estados, non estar inhabilitado ou en situación equivalente, nin ser sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida no estado de procedencia o acceso ao emprego público nos termos anteriores.

d) Ter cumpridos o dezaseis anos e non exceder, de ser o caso, da idade máxima de xubilación forzosa.

e) Posuír as capacidades e aptitudes físicas e psíquicas que sexan necesarias para o desempeño das correspondentes funcións ou tarefas.

Cuarto. Forma e prazo de presentación de solicitudes

As solicitudes, coas que se require participar nas correspondentes probas de acceso nas que os aspirantes farán constar que reúnen as condicións esixidas nas presentes bases xerais para a praza que se opte, deberán facelo constar mediante instancia que se axustará ao modelo que figura como Anexo II a

convocatoria e dirixida ao alcalde do Concello de Gomesende, e presentaranse no Rexistro de entrada deste concello, ou ben, mediante o procedemento que regula o artigo 38.4 da Lei 30/1992, no prazo de cinco días naturais contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Ourense. Estas bases tamén estarán expostas no taboleiro de anuncios do concello.

A dita instancia deberá acompañarse a seguinte documentación:

- Anexo III.

- Fotocopia do DNI.

- Fotocopia da titulación esixida.

- Se é o caso, fotocopia do certificado oficial acreditativo do coñecemento da lingua galega.

- Documentación acreditativa dos méritos que se aleguen para a fase de concurso.

A presentación de solicitudes poderá facerse no Rexistro Xeral do Concello de Gomesende, en horario de 9.00 a 14.00 horas, de luns a venres.

As instancias tamén poderán ser presentadas nas formas previstas no artigo 38 da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

En caso de utilizar un rexistro distinto do Rexistro Municipal do Concello de Gomesende, comunicárase esa circunstancia a través de fax (988 485 001), antes de rematar o prazo de presentación.

Quinto. Admisión de aspirantes

Unha vez rematado o prazo de presentación de instancias o alcalde ditará resolución pola que aproba a lista provisional de admitidos e excluídos, así como as causas da súa exclusión. Esta resolución será publicada no taboleiro de anuncios do concello.

Os aspirantes excluídos disporán dun prazo de dous días hábiles, contados dende o día seguinte ao da publicación da resolución para a emenda dos defectos ou omisións, así como para efectuar reclamacións.

Rematado o dito prazo, o alcalde, mediante resolución pola que aprobará a lista definitiva de aspirantes admitidos e excluídos, procederá á designación dos membros do tribunal cualificador e convocará os admitidos mediante a publicación da resolución no taboleiro de anuncios da casa do concello, á celebración do primeiro exame.

No caso de que dende un primeiro momento non houbera ningún aspirante excluído, ditarase resolución pola que se aproba a lista definitiva de admitidos. Na mesma resolución determinarase a designación do tribunal cualificador, así como o lugar, data e hora da celebración dos exercicios. Esta resolución será publicada no taboleiro de anuncios da casa do concello.

Sexto. Tribunal cualificador

De acordo co establecido no artigo 59 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, en relación co artigo 60 do Texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público, aprobado polo Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, os órganos de selección serán colexiados e a súa composición deberá axustarse aos principios de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros, e de paridade entre mulleres e homes no conxunto das convocatorias da oferta de emprego público respectiva.

En ningún caso poden formar parte dos órganos de selección o persoal de elección ou de designación política, persoal funcionario interino ou laboral temporal, o persoal eventual, nin as persoas que nos cinco anos anteriores á publicación da convocatoria realizasen tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas ou colaborasen durante ese período con centros de preparación de opositores.



A pertenza aos órganos de selección será sempre a título individual, non podendo ostentarse esta en representación ou por conta de ningún.

O tribunal estará integrado por:

- Presidente/a: un/ha funcionario/ha do Concello de Gomeśende, con titulación igual ou superior á esixida aos aspirantes neste proceso.

- Secretario/a: o da Corporación ou funcionario en quen delegue, con voz e voto.

- 3 Vogais: un funcionario de carreira ou laboral fixo do Concello de Gomeśende ou de calquera outro concello ou Administración pública, con titulación igual ou superior á esixida aos aspirantes neste proceso.

Todos os membros do tribunal actuarán con voz e voto. O presidente poderá designar mediante resolución suplentes dos titulares en caso de necesidade.

Os membros do tribunal cualificador deberán absterse de intervir, cando concorran neles algunha das circunstancias previstas no artigo 28 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Así mesmo, os aspirantes poderán recusar os membros do tribunal cando neles concorran algunha das circunstancias previstas para a abstención de conformidade co establecido no artigo 29 da Lei 30/1992.

O tribunal quedará facultado para resolver todas as dúbidas que puideran xurdir na aplicación destas bases e tomar os acordos necesarios para a boa orde do proceso selectivo en todo o non previsto nas presentes bases.

Igualmente, o tribunal está capacitado para solicitar a asistencia de asesores para os traballos de valoración dos exercicios.

A actuación do tribunal rexeráse polo disposto nas presentes bases e na Lei 30/1992.

Sétimo. Sistemas de selección e desenvolvemento dos procesos
Procedemento de selección

O procedemento de selección dos aspirantes constará das seguintes fases:

- Oposición.
- Concurso.

A fase de oposición será previa á do concurso. Consistirá na realización dunha proba de aptitude eliminatoria e obrigatoria para os aspirantes e outra obrigatoria e non eliminatoria.

Finalizada a oposición, o tribunal procederá a valorar os méritos e servizos dos aspirantes que fosen considerados como aptos na citada fase de oposición.

Fase de oposición:

Primeiro exercicio.- Proba teórica de carácter obrigatorio e eliminatorio.

Consistirá en responder por escrito a un cuestionario tipo test de trinta preguntas, con respostas alternativas, sobre as materias do programa anexo e durante un período máximo de 45 minutos.

A valoración farase de 0 a 10 puntos, sendo necesario acadar unha puntuación mínima de 5 puntos.

Segundo exercicio.- Proba de coñecemento da lingua galega, obrigatorio e non eliminatorio.

O tribunal valorará o nivel de coñecemento da lingua galega dos aspirantes, mediante unha proba escrita consistente na tradución dun texto do castelán ao galego, sen axuda do dicionario, no tempo máximo de media hora.

Este exercicio, que non terá carácter eliminatorio, cualifícase de 0 a 5 puntos.

Estarán exentos da realización do terceiro exercicio os aspirantes que acrediten posuír, no día de finalización do prazo de pre-

sentación de instancias, o Certificado de Lingua Galega 3 (Celga 3) ou equivalente (título de Iniciación de galego) debidamente homologado polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia, acadando, neste caso, un total de 5 puntos na proba de coñecemento da lingua galega.

Os aspirantes, que en calquera momento poderán ser requiridos para acreditar a súa identidade, deberán presentarse ás probas provistos do documento acreditativo desta, así como dos medios materiais adecuados para a práctica destas.

Os aspirantes serán convocados para cada exercicio en chamamento único e a súa non presentación no momento de ser chamado suporá a súa exclusión do proceso selectivo, agás nos casos de forza maior debidamente xustificadas e apreciadas polo tribunal.

A cualificación de cada un dos exercicios da oposición será a media aritmética das puntuacións outorgadas por todos os membros asistentes do tribunal.

Unha vez rematados cada un dos exercicios obrigatorios da fase de oposición, o tribunal fará público no lugar de celebración das probas e naqueles outros que estime oportunos, as relacións de aspirantes que superaron cada un deles, con indicación da puntuación obtida. Os/as aspirantes que non estean incluídos en tales relacións terán a consideración de non aptos.

A orde de actuación será por orde alfabética, comezando polo aspirante que teña o primeiro apelido coa letra que resulte do sorteo realizado polo tribunal.

Fase de concurso:

Só aos aspirantes que superasen a oposición valoraráselles na fase de concurso os méritos que aleguen e xustifiquen documentalmente e que serán:

Méritos computables.- Experiencia

- 0,10 por cada mes completo de servizos prestados en calquera administración pública en postos similares, cun máximo de 5 puntos.

Os servizos prestados acreditaranse mediante certificado orixinal ou fotocopia compulsada deste, expedido polo secretario da Corporación, funcionario habilitado para o efecto ou polo órgano de xestión de persoal da administración pública competente.

En caso de empate na fase de concurso, ateranse ao disposto no artigo 44 do Real decreto 364/1995, do 10 de marzo.

A orde de prelación dos aspirantes que superen o proceso selectivo efectuarase de acordo coa suma das puntuacións obtidas nos distintos exercicios, formalizándose proposta de nomeamento, por parte do tribunal de selección, dirixida ao alcalde, e favor daquel/a aspirante que teña obtido a puntuación superior, e resultando ordenados, os restantes, nunha lista, por orde de puntuación, para os efectos de poder ser requiridos, en casos de baixas, renuncias, etc, do/a que resulte titular do posto.

No caso de empate na puntuación final entre dous ou máis aspirantes, este será resolto acudindo á puntuación obtida no primeiro exercicio. En caso de persistir o empate, este resolveuse por sorteo realizado en presenza dos interesados.

Oitavo.- Cualificación

A cualificación final será a suma dos puntos obtidos na fase de oposición e a obtida na fase de concurso.

Noveno.- Relación de aprobados, presentación de documentos e formalización do contrato

O/a aspirante proposto/a deberá achegar, no prazo máximo de 2 días hábiles dende a proposta de nomeamento, a seguinte documentación:

- Fotocopia compulsada do documento acreditativo de identidade.

- Fotocopia compulsada do título académico esixido.



- Certificado médico acreditativo de non padecer enfermidade ou defecto físico ou psíquico que o/a inhabilite para o desenvolvemento das funcións propias da praza.

- Declaración xurada de non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas, e non atoparse en ningunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade determinadas na lexislación vixente.

Se dentro do prazo indicado, e salvo supostos de forza maior, o/a aspirante proposto/a non presentase a súa documentación ou non reunira os requisitos esixidos, non poderá ser nomeado/a, quedando anuladas todas as súas actuacións sen prexuízo das responsabilidades nas que puidera incorrer por falsidade na instancia.

En caso de renuncia do/a aspirante inicialmente proposto/a ou en caso de que non reuniran os requisitos esixidos na convocatoria, trasladarase a proposta de nomeamento a favor dos/as seguintes aspirante por orde de puntuación.

Presentada a citada documentación, o/a aspirante proposto/a será nomeado/a polo alcalde e convocado á sinatura do contrato laboral correspondente, sendo nula a proposta a favor de quen estea incurso en causas de incapacidade específica conforme á normativa vixente.

A sinatura do contrato laboral por circunstancias eventuais da produción, por 3 meses e polo 75% da xornada, acompañarase de alta na Seguridade Social, e deberá formalizarse no prazo máximo de 2 días hábiles desde o nomeamento. En caso de que o/a interesado/a non se presente a tal fin nas dependencias municipais, a tal efecto, convocarase ao seguinte aspirante en puntuación no proceso selectivo.

Décima. Funcionamento da bolsa de traballo

Todas as persoas que superen o proceso de selección e non resulten contratadas, serán incluídas nunha bolsa de traballo para as futuras contratacións que resulten necesarias, a fin de cubrir vacantes temporalmente debidas a baixas por enfermidade, maternidade, acumulación de tarefas..., ordenadas segundo a puntuación obtida.

O integrante da bolsa que obteña un contrato de traballo causará baixa na bolsa, e unha vez que finalice o seu contrato de traballo co concello volverá causar alta na bolsa de emprego no posto dests que lle corresponda en relación cos puntos obtidos.

A renuncia a un posto de traballo ofertado suporá o pase do aspirante ao último lugar da bolsa de emprego, salvo que conorra unha das seguintes circunstancias:

- Parto, baixa por maternidade ou situacións asimiladas.
- Enfermidade grave que impida a asistencia ao traballo, sempre que se acredite debidamente.
- Exercicio de cargo público representativo que imposibilite a asistencia ao traballo.

Esta bolsa de emprego terá unha vixencia máxima de dous anos.

Undécima.- Publicidade

A publicidade deste procedemento selectivo realizarase mediante a publicación das bases e convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Ourense, publicándose os restantes anuncios no taboleiro de anuncios da Casa do Concello.

Duodécima.- Disposicións finais

Primeira.- Para todo o non previsto nestas bases, será de aplicación supletoria o establecido na Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, no Estatuto básico do empregado público, na Lei reguladora das bases de réxime local, na Lei de emprego público de Galicia e demais lexislación vixente que sexa de aplicación.

Segunda.- As bases da convocatoria e cantos actos administrativos deriven destas e das actuacións do tribunal cualificador,

poderán ser impugnados polos/as interesados/as no caso e na forma establecidos na Lei réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, así como na Lei reguladora da xurisdición contencioso-administrativa e normas vixentes concordantes.

A presentación de reclamacións non suspenderá a continuación do proceso selectivo salvo que así o decida o órgano convocante deste.

Terceira.- Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Ourense, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte á súa publicación.

Así mesmo, os/as interesados/as poderán interpoñer un recurso potestativo de reposición perante o órgano que ditou a resolución, no prazo dun mes dende a súa publicación. Neste caso, non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición, de acordo co previsto nos artigos 116 e 117 da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e procedemento administrativo común.

Anexo I

Temario

Tema 1.- A Constitución española de 1978: estrutura, contido e principios.

Tema 2.- Os dereitos fundamentais e as liberdades públicas.

Tema 3.- A Coroa. As Cortes Xerais.

Tema 4.- Poder executivo. O Goberno e a Administración.

Tema 5.- O Poder Xudicial.

Tema 6.- A organización territorial del Estado na Constitución. As comunidades autónomas. Os estatutos de autonomía.

Tema 7.- A Administración local: municipios e provincias. Principios constitucionais e regulación xurídica.

Tema 8.- O municipio. Elementos. Competencias do municipio de réxime común. Ordenanzas e bandos.

Tema 9.- Órganos de goberno municipais. O alcalde. O Pleno. Xunta de Goberno Local. Comisións informativas. Competencias.

Tema 10.- Funcionamento dos órganos colexiados. Convocatoria e orde do día. Actas e certificacións de acordos.

Tema 11.- As disposicións e os actos administrativos. Requisitos dos actos administrativos. Eficacia dos actos administrativos. Nulidade e anulabilidade.

Tema 12.- O rexistro de documentos. Requisitos na presentación de documentos. Comunicacións e notificacións. A práctica das notificacións.

Tema 13.- O Rexistro da Xunta de Galicia. Portelo único.

Tema 14.- O padrón municipal de habitantes. Veciñanza. Dereitos e deberes dos veciños. Xestión do padrón municipal.

Tema 15.- Dereitos dos cidadáns nas súas relacións coa Administración pública.

Tema 16.- Facendas locais. Principios e clasificación dos ingresos. Ordenanzas fiscais.

Tema 17.- O persoal ao servizo das entidades locais. A función pública local: organización.

Tema 18.- Atención ao público. Acolida e información ao administrado. Servizos de información administrativa.

Tema 19.- Procesadores de texto. Follas de cálculo. Bases de datos.

Tema 20.- A Lei orgánica de protección de datos persoais. Datos protexidos. Axencia española de protección de datos.

Gomesende, 7 de xuño de 2016. A alcaldesa.

Asdo.: Pura Rodríguez Álvarez.

(Ver anexos páx. 36-37)



ANEXO II

MODELO DE INSTANCIA

(1 Auxiliar administrativo con contrato laboral eventual por 3 meses e 75% xornada).

Don/Dona.....
veciño/a de
con domicilio en
e DNI n.º, e teléfono de contacto n.º, interesado/a
en participar no proceso selectivo convocado polo Concello de Gome sende para a contratación dun/ha
auxiliar administrativo, con contrato laboral eventual por 3 meses e ao 75 % da xornada, ante o alcalde
comparezo e

EXPOÑO:

1. Que reúno todas e cada unha das condicións esixidas nas bases que re xen a convocatoria.
2. Que achego a seguinte documentación esixida na base III:
 - Anexo III
 - Fotocopia do documento acreditativo da miña identidade.
 - Fotocopia do título académico esixido para o ingreso.
 - Fotocopia compulsada do certificado acreditativo dos coñecementos da lingua galega.
 - Acreditación dos méritos alegados.
3. Que me comprometo a achegar, no seu día, os documentos acreditativos de reunir as condicións establecidas na base sétima.

E por todo isto, **SOLICITO:**

Ser admitido/a ao proceso selectivo convocado para a contratación laboral eventual, por 3 meses e ao 75% da xornada, dun/ha auxiliar administrativo para apoio ás oficinas do Concello de Gome sende.

Gome sende, de de 2016

O/a interesado/a

O interesado autoriza ao Concello de Gome sende para o tratamento dos datos persoais aquí reflectidos para actividades que son propias desta base de datos, para o seguimento e a xustificación da actividade e para calquera outra actividade directamente relacionada co obxecto deste formulario. O órgano responsable do ficheiro é o Concello de Gome sende e o enderezo onde o interesado poderá exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante este é Sobrado, n.º 1, Gome sende 32212 (Ourense), de todo o cal se informa en cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica de protección de datos de carácter persoal.



ANEXO III DECLARACIÓN XURADA

Don/Dona.....

veciño/a de

con domicilio en

e DNI n.º, e teléfono de contacto n.º

DECLARO:

Non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario do servizo do Estado, Comunidade Autónoma ou entidades locais, nin atoparme inhabilitado para o exercicio de funcións públicas.

Non atoparme inhabilitado/a para o exercicio de funcións públicas por sentenza firme e non estar incurso/a en causas de incompatibilidade, de acordo co establecido na Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas.

O que declaro en Gomesende, o _____ de _____ de 2016

O/a interesado/a

O interesado autoriza ao Concello de Gomesende para o tratamento dos datos persoais aquí reflectidos para actividades que son propias desta base de datos, para o seguimento e a xustificación da actividade e para calquera outra actividade directamente relacionada co obxecto deste formulario. O órgano responsable do ficheiro é o Concello de Gomesende e o enderezo onde o interesado poderá exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante este é Sobrado, n.º 1, Gomesende 32212 (Ourense), de todo o cal se informa en cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica de protección de datos de carácter persoal.